

## Limpeza de ríos

A crecente sensibilización da cidadanía fronte á degradación ambiental ten levado a moitas persoas e entidades a organizar limpezas de ríos. Malia que xa case ninguén contempla o río como un vertedoiro, aínda queda moito lixo neles.

En ocasións, os refugallos tirados ao río non representan un perigo para o ecosistema, pero si supoñen un impacto visual negativo (papeis, plásticos, madeiras, etc.). Noutras ocasións, os materiais depositados poden supoñer unha fonte de contaminación, debido ás sustancias que as compoñen (pilas, aceites de coche, baterías, produtos fitosanitarios, etc.) ou ben porque poden provocar alteracións en certos organismos (vidro, chatarra, etc.).

## Qué debemos ter en conta

A limpeza será unha xornada de voluntariado ambiental e concienciación social.

**Nunca poñades en risco a vosa saúde: é máis importante a vosa integridade física que calquera material que podades retirar.**

1. Levade calzado e roupa resistentes.
2. Empregade luvas e calzado (botas, zapatos de deporte...) para evitar feridas: entre o lixo pode haber botellas de vidro rotas, chatarra, etc.
3. Recollede o lixo en bolsas grandes e resistentes, de tea ou de plástico.
4. Divide o treito en anacos para traballar por zonas, e se sodes un grupo numeroso facede grupos de 2 ou 3 persoas por treito.
5. En caso de atopar aceites de coche e outros residuos líquidos, fai falla ir con moito coidado e non facer misturas de produtos.
6. Tentade separar os diferentes tipos de lixo para posteriormente depositalos nos contedores correspondentes e así favorecer a súa reciclaxe.
7. Facede fotos da limpeza e de todo o lixo recollido e divulgade a vosa acción nos medios de comunicación.
8. Limpade o material empregado (botas, roupa, sachos...), especialmente se o ides empregar de novo noutro río, xa que podedes estar dispersando sementes de flora exótica invasora ou, no caso de anfibios, transmitindo enfermidades.

O Concello facilitará un sistema de transporte para recoller o lixo que almacenaremos nalgún lugar accesible para eles.

# XORNADA DE VOLUNTARIADO AMBIENTAL PARA A LIMPEZA DO RÍO DE PONTE PIÑEIROS

**O sábado 10 de setembro de 2016 en quendas de  
mañá e de tarde (de 10:30 h. ata as 13:00 h. e de  
18:00 h. ata as 20:00 h.)**

No remate da quenda de mañá, ofrecerase un xantar tipo pícnic para os participantes na acción de limpeza medioambiental.

Aínda que as labores que se van a realizar non deben entrañar riscos, **para realizar a xornada de voluntariado faise necesario darse de alta no Programa de Voluntariado de Covelo, dependente do Departamento de Servizos Sociais do Concello, e formalizar un seguro obrigatorio gratuito, tendo de prazo ata o venres día 9 de setembro.** Pode acadar toda a información relativa e esta xornada e realizar a inscrición nos Servizos Sociais do Concello. Teléfonos das Oficinas Municipais (986 650027/986 650047. Extensión 1).

## Datos e documentación:

1. Nome e apelidos.
2. Dirección de residencia.
3. Asistencia na quenda de mañán/tarde/ambas.
4. Pertence a algunha asociación vinculada coa actividade a realizar?
5. Teléfono de contacto.
6. Dirección de correo-e.
7. Copia do D.N.I.

## Persoas de contacto na organización da xornada:

Elias Sampedro    606348341  
José Castillo     686621991